

Unha ves, de aló nun sighlo, nun sighlo non fui, que non fui hai muito. Valían muito as mulas, oh. (As de ter sentido aos vellos, que ti vellos tamén os terías.)

E había unha feira que se chamaba a feira de Senande, alá pa riba alá, cerca do mar, e eu tiña unha vaquiña neghra. E... e díxenlles eu na casa a estes:

- “Meus filliños somos moi pobriños, señor somos moi pobriños, moi pobriños, e non queredes saber un conto? Disque vale muitas mulas e vou ir á feira de Senande e vender unha vaca no sitio dunha mula”.

- “E como lle´vas de faser?”.

- “Fágholla ben”.

Era un día de chuvia e díxenlle eu:

- “Me cagho na bosta, os pes tápallos a lama e o rabo tápollo coa chaqueta”.

Cheghei á feira de Senande, leveime a miña vaca, vendina no sitio dunha mula. Pro doume daquela muitos cartos, eh. O rabo ca chaqueta e os pés coa lama, María Santísima, cheghei a casa, e non víamos onde botarmos os cuartos.